



## **PREGO DE CONDICIÓN DA AUTORIZACIÓN PARA ACTIVIDADE E A CORRESPONDENTE OCUPACIÓN TEMPORAL DUNHA SUPERFICIE NO DOMINIO PÚBLICO PORTUARIO PARA USO DE TERRAZA DE HOSTALERÍA**

### **CONDICIÓN XERÁIS**

A presente autorización réxese polas condicións xerais establecidas na lexislación portuaria vixente e en particular na Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade autónoma de Galicia, polo regulamento de servizo, policía e réxime dos portos, aprobado por O.M. de 12 de xuño de 1976, e ademais polas seguintes:

1ª.- A presente autorización outórgase para a ocupación dunha parcela destinada a terraza anexa a negocio de hostalería.

O uso a que se vai destinar a parcela é exclusivamente para instalación de terraza anexa a negocio de hostalería, non podendo depositarse na mesma ningún obxecto ou mercadoría nin realizar actividade algunha que, a xuízo de Portos de Galicia, non estea relacionada con aquel, e en ningún caso depositarse materiais inflamables, contaminantes ou explosivos.

O outorgamento desta autorización non exime ó seu titular da obtención e mantemento en vigor das licencias, permisos e autorizacións que sexan legalmente esixibles.

2ª.- Esta autorización outórgase polo período indicado nas condicións particulares, e considerarase extinguida ó vencemento de dito prazo, estando obrigado o titular da autorización nese momento a desaloxa-lo dominio público ocupado.

O incumprimento desta obriga de desaloxa-lo dominio público ocupado unha vez rematada a autorización, aínda que non se recibira orde explícita de desaloxo por parte de Portos de Galicia, levará consigo a aplicación a regra novena da tarifa E-2 definida na lei 6/2003, tanto no referente ó cálculo da tarifa como á retirada dos materiais depositados.

3ª.- A utilización da parcela quedará baixo a vixilancia e inspección do persoal de Portos de Galicia. Se, a xuízo de Portos de Galicia, a ocupación non se axustase ó uso autorizado na parcela, ou constituíse perigo ou molestia, poderá este ordenar o seu levantamento con cargo ó usuario e sen prexuízo das sancións ás que este se fixera acredor. Estará totalmente prohibido aparcar vehículos na parcela.

Prohíbese a realización de calquera obra ou instalación de carácter permanente na parcela. Calquera tipo de obra ou instalación de carácter non permanente que o petionario desexe realizar deberá contar coa previa autorización de Portos de Galicia, quen poderá prohibi-la ou introduci-las modificacións que considere oportunas.

4ª.- Se por necesidades do servizo fora preciso desaloxa-la ocupación autorizada, o titular desta deberá deixar libre a mesma no prazo que se lle indique polo Ente Público. Transcorrido dito prazo sen realiza-la operación de desaloxo aplicarase a regra décimo cuarta da tarifa E-2, definida na lei 6/2003, tanto no referente á tarifa a facturar como á retirada dos materiais depositados no dominio público ocupado.

5ª.- Portos de Galicia non será responsable do deterioro ou mingúa das mercadorías, máquinas ou útiles que puidera haber na parcela, sexa cal fora a causa, nin dos accidentes que puideran producirse na mesma.

6ª.- Queda expresamente prohibido o arrendamento, enaxenación ou calquera outro negocio xurídico que permita a terceiros o uso das instalacións que se autorizan.

7ª.- O titular da autorización aboará, polo período autorizado adiantado ou por trimestres adiantados, a Tarifa E-2 de almacenaxe, locais e edificios, pola superficie descuberta para usos non relacionados directamente coas actividades portuarias, recollida na Lei 6/2003, de 9 de decembro de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, coas actualizacións que correspondan en cada momento.

Aboará igualmente a tarifa portuaria polo exercicio de actividades comerciais, industriais e de servizos, en función do volume de negocio desenvolvido no porto, tamén definida na lei 6/2003. O valor do negocio



calcularase en base ós criterios establecidos polo ente público para ese porto para a actividade que se autoriza e dependerá do número de mesas colocadas.

O valor concreto da tarifa será o indicado na condición particular 4ª. No valor das tarifas non está incluído o Imposto sobre o Valor Engadido, debendo aplicarse a ditos valores os tipos impositivos vixentes en cada momento.

O titular da autorización deberá **domiciliar nunha entidade bancaria o abono das liquidacións** emitidas por Portos de Galicia relativas á tarifa E-2 e á tarifa polo exercicio de actividades comerciais, industriais e de servizos, orixinadas pola ocupación e actividade que se autoriza.

8ª.- Con independencia das tarifas estipuladas na condición anterior, o titular da autorización está obrigado a aboa-las correspondentes tarifas polos servizos portuarios que poida recibir, excepto a de ocupación de superficie e de actividade comercial correspondente a esta autorización.

9ª.- O titular da autorización está obrigado a conservar en bo estado o dominio público autorizado, así como a mantelo en perfectas condicións de limpeza, hixiene e seguridade. Así mesmo tomará as máximas medidas de seguridade para evitar calquera tipo de polución ou contaminación tanto na zona portuaria como nos seus arredor, quedando expresamente prohibido o vertido de residuos ó mar, debendo cumprir en cada momento a normativa vixente nestas materias. Se o estado de conservación das instalacións portuarias ou se as medidas tomadas polo titular da autorización para evita-la contaminacións foran insuficientes a xuízo do ente público, Portos de Galicia poderá suspender calquera tipo de operación na instalación sen que o petionario teña dereito a ningunha indemnización

10ª.- Ademais das establecidas na lexislación sectorial aplicable ó dominio público portuario, constitúe causa de apertura de expediente sancionador, e así mesmo anulación inmediata da presente autorización en caso de reincidencia:

- A utilización das instalacións para uso distinto do especificado na condición xeral 1ª.
- A exhibición de publicidade comercial en mesas, cadeiras, toldos, mamparas ou calquera outro medio.
- A ocupación de máis superficie que a autorizada, a colocación dun número de mesas superior ás autorizadas, así como a colocación de outros elementos sen autorización previa.
- O incumprimento de calquera das condicións anteriores.

### CONDICIÓN PARTICULARES

1ª.- A presente autorización outórgase a «**Nombre**» para ocupación dunha parcela do porto de «**porto**» destinada a terraza anexa a negocio de hostalería.

2ª.- Esta autorización outórgase dende o «**datainicial**» ata o «**datafinal**», e considerarase extinguida ó vencemento de dito prazo.

3ª.- Na data do outorgamento o importe da taxa é de «**tarifasuperficie**» €/m<sup>2</sup> e día para os dez primeiros días e de «**tarifasuperficie2**» €/m<sup>2</sup> e día a partir do día once. A superficie a considerar será de «**metros m<sup>2</sup>**». Nesta superficie autorízase a colocación de .....mesas.

4ª A tarifas portuarias a aplicar á presente autorización serán as seguintes:

- Tarifa E-2 por ocupación de superficie: .....€/m<sup>2</sup>/día
- Tarifa ACIS..... € por mesa autorizada e día o fracción